

Contestar as seguintes preguntas no modelo proporcionado. Unicamente hai unha resposta válida por pregunta.

1. Parte procedemental e administrativa:

O Concello X pretende a reparación da cuberta do pavillón de deportes municipal para poder continuar as diferentes actividades deportivas do municipio, con cargo aos orzamentos deste exercicio. Debido á ausencia de persoal especializado e de medios adecuados para abordar esta tarefa, precisa a contratación da redacción dun proxecto por parte de persoal técnico competente. Unha vez se conte co devandito proxecto, procederase á licitación das obras para a execución dos traballos necesarios para a súa reparación. Para a xestión das actividades do pavillón tamén será necesario contar con persoal técnico de deportes.

O valor estimado da reparación da cuberta do novo pavillón é de 300.000,00 euros, pero no orzamento deste exercicio, por unha serie de gastos imprevistos, non se dispón do crédito suficiente para financiar esas obras, nin na aplicación orzamentaria correspondente nin na súa vinculación xurídica, e debido a que non se pode demorar a súa construción polos compromisos por competicións deportivas planificadas, necesítase unha modificación orzamentaria para abordar a citada obra.

1. Posto que non se dispón do crédito suficiente para financiar a obra no orzamento actual, que modificación de crédito poderá realizarse no orzamento de gasto?:

- a) Crédito extraordinario
- b) Suplemento de crédito
- c) As respostas a e b son correctas
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

2. A proposta de modificación orzamentaria á que se refire a pregunta anterior:

- a) Será incoada por orde da Intervención e aprobada polo alcalde
- b) Será incoada por orde do alcalde e informada polo Pleno
- c) Será informada pola Intervención e aprobada polo Pleno
- d) Será informada polo alcalde e aprobada polo Pleno

3. Despois de que se aprobe provisionalmente, a documentación do expediente de modificación orzamentaria porase a disposición do público para o seu exame:

- a) Por un prazo de 10 días
- b) Por un prazo de 15 días
- c) Por un prazo de 20 días
- d) Por un prazo de 30 días

4. Que tipo de contrato debe tramitarse para a contratación da redacción do proxecto?:

- a) Un contrato de subministracións
- b) Un contrato de servizos
- c) Un contrato de obras
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

5. Durante o prazo de presentación de ofertas para o contrato da execución da obra prodúcese unha incidencia técnica na plataforma utilizada polo Concello de tal maneira que as empresas non poden realizar a súa presentación durante os dous últimos días de prazo:

- a) O Concello poderá ampliar o prazo xa vencido durante outros dous días para a presentación das ofertas, publicando na sede electrónica a incidencia acontecida e a ampliación do prazo
- b) O Concello poderá ampliar o prazo antes de que este venza, debendo publicar na sede electrónica unicamente a ampliación do prazo que venceu
- c) O Concello non poderá ampliar o prazo en ningún caso e aceptará unicamente as ofertas recibidas ata o momento da incidencia técnica producida
- d) O Concello poderá ampliar o prazo antes de que este venza, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida coma a ampliación concreta do prazo non vencido

6. O Concello necesita un técnico de deportes para a xestión do pavillón unha vez sexa operativo, pero o único técnico co que contan atópase en situación de excedencia por coidado dun fillo desde hai seis meses, e de acordo co exposto o Concello:

- a) Convocará un proceso selectivo que consistirá nun concurso oposición para o nomeamento dun/a funcionario/a interino/a que permanecerá nese posto de traballo durante o prazo de tres anos
- b) Convocará un proceso selectivo que consistirá nun concurso oposición para o nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a que permanecerá nese posto de traballo durante o tempo estritamente necesario

- c) Convocaré un proceso selectivo que consistirá nun concurso oposición para o nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a que permanecerá nese posto de traballo durante o prazo de tres anos, ampliables ata doce meses máis
- d) Convocaré un proceso selectivo que consistirá nun concurso oposición para o nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a que permanecerá nese posto de traballo durante o prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses

7. Que procedemento deberá seguirse para a licitación da execución da obra?:

- a) Mediante un procedemento aberto xa que o seu valor estimado é igual a 300.000,00 euros e estará suxeito a unha regulación harmonizada
- b) Mediante un procedemento aberto simplificado xa que o seu presuposto base de licitación é inferior a 300.000,00 euros e estará suxeito a unha regulación harmonizada
- c) Mediante un procedemento aberto xa que o seu valor estimado é inferior a 2.000.000,00 euros e estará suxeito a unha regulación harmonizada
- d) Mediante un procedemento aberto simplificado xa que o seu valor estimado é igual ou inferior a 2.000.000,00 euros

8. Que garantía deberá constituír o licitador que presentase a mellor oferta para o contrato de obras?:

- a) Deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía dun 5 por 100 do prezo base de licitación, incluído o imposto sobre o valor engadido
- b) No caso dos contratos con prezos provisionais a que se refire o apartado 7 do artigo 102 da Lei 9/3017 de contratos do sector público, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado, excluído o imposto sobre o valor engadido
- c) En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que, amais da garantía á que se refire o apartado anterior, se preste unha complementaria de ata un 5 por 100 do valor estimado, IVE excluído
- d) Cando o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía para constituír fixarase atendendo ao orzamento base de licitación, IVE incluído

9. Cal é o prazo do que dispón a empresa que obtivese a mellor puntuación na licitación, para o contrato de obras que estamos a tratar, para constituír a garantía, contando desde o envío da comunicación electrónica?:

- a) O prazo de cinco días naturais
- b) O prazo de sete días hábiles

- c) O prazo de cinco días hábiles
- d) O prazo de sete días naturais

10. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado:

- a) Esixíraselle o importe do tres por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade
- b) Esixíraselle o importe do tres por cento do valor estimado, IVE excluído, en concepto de penalidade
- c) Esixíraselle o importe do dous por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade
- d) Esixíraselle o importe do dous por cento do valor estimado, IVE excluído, en concepto de penalidade

2. Parte informática:

11. Cal é o proceso de participación en trámite que aparece en primeiro lugar na web do Concello de Ponteareas?:

- a) Regulamento do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia do Concello de Ponteareas
- b) Regulamento de funcionamento e réxime interior da ludoteca municipal de Ponteareas
- c) Ordenanza reguladora dos criterios de acceso e uso do local de ensaio de Ponteareas
- d) Ordenanza fiscal pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros e fosas sépticas

12. Cal é o documento con data 03.03.2014 que aparece nos trámites urbanísticos do Concello de Ponteareas?:

- a) Certificación urbanística
- b) Inicio de obra autorizada
- c) Denuncia de infracción urbanística
- d) Licenza de obras

13. O modelo impreso para a residencia de Santa Ana no Concello de Ponteareas contén:

- a) Situación sociofamiliar, situación económica, vivenda e valoración profesional
- b) Datos persoais, datos económicos, declaración e autorización do cónxuxe
- c) Datos persoais, declaración económica financeira e declaración médica

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

14. Cal é a dirección da escola infantil que aparece na web do Concello de Ponteareas?:

a) Rúa A Estrada nº 20

b) Rúa Pontevedra nº 13

c) Rúa Castañal nº 4

d) Rúa Escritor Domínguez Benavides nº1

15. En que ano comezou a andaina do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Ponteareas?:

a) 2003

b) 1995

c) 2007

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

16. Cal é a data que aparece na primeira páxina do *Manual de identidade corporativa* do Concello de Ponteareas?:

a) Abril de 2018

b) Outubro de 2022

c) Marzo de 2020

d) Xaneiro de 2017

17. Cal é o teléfono que aparece na web do Concello de Ponteareas que corresponde con Vías, Obras e Iluminación pública?:

a) 986 642 245

b) 986 645 896

c) 986 647 532

d) 986 643 265

18. En que ano se inaugurou a ludoteca do Concello de Ponteareas?:

a) 2000

b) 1995

c) 1998

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

19. En que data se asinaron os resultados de análises de fontes públicas que aparecen na web do Concello de Ponteareas?:

- a) 30 de novembro de 2022
- b) 1 de xaneiro de 2023
- c) 29 de abril de 2022
- d) 4 de febreiro de 2023

20. Cal é o procedemento dispoñible correspondente a transparencia no catálogo de trámites do Concello de Ponteareas?:

- a) Queixas e suxestións
- b) Solicitudes de reunións e entrevistas co persoal desta entidade
- c) Instancia xeral
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta